



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Módulo de cálculo económico na plataforma do Sistema de Información Galego de Atención á Dependencia

GRUPO: Consellería de Política Social e Igualdade

ÁREA: Consellería de Política Social e Igualdade: Política social

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	F. FINALISTAS	HORAS:	8
ADMINISTRACIÓN:	AUTONÓMICA	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2015
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	ESPECÍFICO	EDICIÓNS:	2

DATA MATRÍCULA: Do 04/02/2015 - 08:00h ao 13/02/2015 - 14:00h

2. DESCRICIÓNS

DESCRIPCIÓN CURSO

A finalidade deste curso é revisar as novas funcionalidades incorporadas na plataforma do Sistema de Información Galego de Atención á Dependencia (SIGAD) como consecuencia dos novos criterios aplicables para o cálculo da capacidade económica dos destinatarios de prestacións ou servizos do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, así como para o cálculo das prestacións (libranzas) previstas no sistema e da participación económica do usuario no custo dos servizos; e a súa aplicación no ámbito da plataforma do Sistema de Información Galego de Atención á Dependencia.

Estes cambios están derivados das modificacións normativas introducidas nesta materia pola Orde do 19 de abril de 2013 e o Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se regula a nova carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia.

DESTINATARIOS

Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia dos Órganos de Valoración e Atención á Dependencia.

PROGRAMA

- . Cálculo da capacidade económica dos destinatarios dun Programa Individual de Atención en base á información obtida a través de Interoperabilidade. Supostos prácticos sobre diversas casuísticas.
- . Cálculo da participación económica (copago) do beneficiario de servizos en base á nova carteira de servizos sociais. Supostos prácticos.
- . Cálculo económico das prestacións económicas (libranzas). Supostos prácticos.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Priorizarase aquel persoal que, dentro dos Órganos de Valoración e Atención á Dependencia, traballe na elaboración e revisión dos Programas Individuais de Atención.

Unha vez aplicado este criterio e no caso de que o nº de solicitudes sexa maior, aplicaranse os criterios xerais da EGAP segundo a Resolución do 4 de xaneiro de 2008 pola que se actualizan os criterios de participación nas actividades formativas da Escola Galega de Administración Pública (DOG nº 7, do 10/01/2008).

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO1

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 05/03/2015 a 05/03/2015

NUM. PRAZAS: 20

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

TECNOLOGIAS PLEXUS S.L.

LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

AULA 202 (Informática) (antiga): O día 05 de marzo de 10:00 a 20:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

SANTIAGO2

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 17/03/2015 a 17/03/2015

NUM. PRAZAS: 20

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

TECNOLOGIAS PLEXUS S.L.

LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

AULA 202 (Informática) (antiga): O día 17 de marzo de 10:00 a 14:00. O día 17 de marzo de 16:00 a 20:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA